

Alegacións do Concello de Ribadeo ao documento preliminar “Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais-Augasantas (Ribadeo)” presentado pola Xunta de Galicia.

PARTE EXPOSITIVA:

A) Valoración xeral do documento preliminar do Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia de As Catedrais-Augasantas.

1. O 26 de setembro de 2013 o Pleno do Concello de Ribadeo acordou, por amplísima maioría, instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas de conservación ao respecto do espazo natural da praia de As Catedrais.

Como espazo con dobre figura de protección legal, Monumento Natural e Zona de Especial Conservación da Rede Natura 2000, as previsións legais obrigan a dotalo dun instrumento de conservación e xestión, o Plan de Conservación, con carácter vinculante sobre o resto de mecanismos de ordenación e xestión do territorio.

No Acordo tamén se aprobaron as dúas seguintes cuestións:

-Iniciar a tramitación da declaración de As Catedrais e franxa costeira de Ribadeo, ata Illa Pancha, como Parque Natural en atención aos seus valores xeomorfolóxicos e completados por unha flora, fauna e paisaxe moi ben conservada.

- Conciliar dita protección con aquelas medidas de uso e xestión que rematen co descontrol no fluxo de turismo e o transforme nun aproveitamento socioeconómico sostible na poboación do entorno de As Catedrais e Ribadeo.

2. Este documento preliminar, Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais, presentado agora un ano despois por parte da Xunta de Galicia, dá cumprimento en parte co contido en dito Acordo Plenario: a aprobación do Plan de Conservación do Monumento Natural, que por outra consegue reparar o incumprimento normativo que se estaba a dar.

Polo tanto este documento valorámolo positivamente coma un paso necesario para atender a problemática e carencias de conservación e xestión que tanto precisa o Monumento Natural de As Catedrais.

3. O feito de que exista unha fase previa de consulta tamén permite a posibilidade da revisión, mellora, ou achega de novas consideracións por parte doutros ámbitos administrativos, organizacións sociais e sectores profesionais locais, etc.

Tal vez o ente que acredite unha maior capacidade de valoración das directrices que se contemplan neste anteproxecto é o propio Concello de Ribadeo, pola súa condición de contar con actuacións directas na xestión do areal e do espazo de maneira directa e permanente no tempo, singularmente nestes últimos anos. Son os nosos servizos técnicos e persoal do Concello os que informan, conviven, e interveñen de inmediato na multitude de situacións que derivan do uso público deste espazo por centos de miles de persoas.

Este é o motivo polo que nos sitúa nunha posición moi cualificada para achegar valoracións que permitan mellorar ou adecuar o alcance do Plan de Conservación do Monumento a súa realidade.

4. Con respecto aos outros dous puntos acordados en sesión plenaria, dende o Concello insistimos que o Plan de Conservación do Monumento permitiría solucionar unha previsión legal concreta, a referida ao desenvolvemento da figura do Monumento Natural. Non obstante no caso de As Catedrais, sobre un mesmo territorio converxen dúas figuras de áreas protexidas, os límites das cales non son coincidentes, así por exemplo unha parte do aparcamento e os seus accesos, atópanse situados dentro do Monumento Natural e da ZEC (Zona de Especial Conservación), e outra parte deste mesmo aparcamento e os seus accesos, soamente é ZEC. Pero a xestión do aparcamento debe realizarse de forma conxunta. E o Plan de Conservación, na súa configuración actual soamente contempla parte deste.

A mesma situación acontece cos elementos biolóxicos e xeolóxicos, da área de As Catedrais, que se reparten desigualmente en zonas declaradas ZEC-Monumento Natural, e zonas que soamente son ZEC. Para estes e outros factores o ámbito de planificación non pode ser constreñido ao límite do Monumento Natural.

O documento conta con medidas ben encamiñadas a protección deses elementos, pero moi probablemente, dado o que de por sí son os Monumentos Naturais, e para o que se declaran, esta norma queda enfraquecida no momento de tratar os aspectos socioeconómicos e a realidade que o espazo xoga na dinamización turística do lugar e de todo o concello de Ribadeo. Milleiros de persoas chegan e seguirán chegando ao Monumento, e as previsións contidas neste Plan deben ser máis maduras dado que a solución proposta pode xerar outras situacións que finalmente impacten negativamente tanto na conservación do espazo e da súa contorna inmediata así como na vertente turística e socioeconómica.

Vendo as opcións legais que permite a figura de Monumento, o Concello de Ribadeo vén defendendo a idea de subir de categoría de protección e xestión dito espazo, axeitándose mellor a unha realidade que ninguén pode negar, e xa que existen os atributos suficientes e necesarios para xustificar dita distinción, e por ser un dos

maiores puntos de atracción e afluencia turística nacional sobre un espazo público de alto valor natural.

Consideramos que son polo tanto válidas e de moita actualidade as reivindicacións aprobadas dende o Pleno, a do Parque Natural, e conciliar este coa xestión e aproveitamento do extraordinario fluxo de visitas, para que se formulen coma unha solución conxunta tamén en beneficio do asentamento e activación da economía de Ribadeo.

5. Un Parque Natural baseado nos seus valores xeomorfolóxicos: o xeoparque da costa de Ribadeo.

As Catedrais e o conxunto da costa que vai até a Illa Pancha reúne unha beleza paisaxística, e unha diversidade xeomorfolóxica única e de recoñecemento internacional. Este espazo non ten o recoñecemento de protección e grado e xestión turística coma poden ter outros de valores xeomorfolóxicos comparables coma son os cantís de *Cliffs of Moher* ou os *Copper Coast* (ámbolos xeoparques, en Irlanda), ou o xeoparque da costa de *Zumaia*, ou o Parque Natural de Cabo de *Gata-Nijar* en Almería (tamén xeoparque).

Calquera que coñeza este extraordinario entorno natural é consciente que o conxunto do espazo merece unha ATENCIÓN PREFERENTE.

Sobre o concepto de ATENCIÓN PREFERENTE, a Lei Orgánica 42/2007, de 13 de decembro de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, refírese o artigo 30, sobre a definición de Parque: *“son aquelas áreas naturais, que, en razón á beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa conservación merece unha atención preferente”*.

A definición que fai a Lei sobre Xeoparque figura no artigo 3, apartado 19:

“Xeoparques ou Parques Xeolóxicos: territorios delimitados que presentan formas xeolóxicas únicas, de especial importancia científica, singularidade ou beleza e que son representativos da historia evolutiva xeolóxica e dos eventos e procesos que as formaron”.

Do mesmo xeito a Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza, tamén define que entre os elementos que poden constituír un Parque figura a representatividade e singularidade, non so da flora, fauna, ou ecosistemas, senón tamén o das formacións xeomorfolóxicas, e cuxa conservación merecen unha “atención preferente”.

A creación dun parque natural baseado nos seus valores xeolóxicos, ou xeoparque quedaría xustificada, xa non só por que a praia de As Catedrais sexa unha das de máis beleza de Galiza e do Estado, entre as máis naturais e de mellor calidade en conservación e preservación, senón tamén por ser un dos lugares máis visitados de toda Galiza, e que probablemente supere en número de visitas durante todo o ano aos que se rexistra en calquera outro espazo natural galego incluído o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

A publicidade e repercusión mediática internacional que ten o espazo reforza todas as consideracións anteriores.

- Recentemente foi declarado como unha das 7 Marabillas Naturais de España;
- Dende fai uns anos e seguidamente recoñecida coma unha das mellores praias do mundo superando en atractivo a moitas outras praias con figuras de protección igual ou superior ao parque natural. Superando a praias coma de Rodas nas Illas Cies, ou as praias virxes do Parque natural Cabo de Gata, tamén as praias de Valdearenas e Canallave no Parque Natural das Dunas de Liencres en Cantabria, ou as praias do Parque Natural Praia de Os Lances en Cádiz.

No anexo I deste documento xustifícase a importancia xeomorfolóxica de todo o espazo comprendido entre as Catedrais e a Illa Pancha susceptible do recoñecemento coma Parque Natural xeomorfolóxico: xeoparque.

No anexo II deste documento faise mención á presenza doutros elementos patrimoniais, neste caso arqueolóxicos, que completarían a oferta dun posible Parque Natural. Todo este treito de costa destaca pola súa riqueza castrexa e outros restos arqueolóxicos.

6. O Parque Natural como un modo de crear unha MARCA xeográfica de calidade, e ao servizo do fomento da economía rural asociada ao espazo:

Defendemos que o Parque Natural no lugar de ser observado coma un instrumento de limitacións e restricións sexa todo o contrario, o de proporcionar un modelo de xestión do territorio baseado na calidade e excelencia que ofrece o lugar, pensado, impulsado, e orzamentado dende as institucións para propiciar e potenciar novas oportunidades sobre a poboación local e propietarios no referido as denominadas actividades tradicionais, tanto dentro dos límites da zona protexida coma nas súas áreas lindantes. O modelo de xestión do Parque debe contar coa dotación de axudas para impulsar actividades de calidade, baixo o paraugas da **Marca As Catedrais**, coma pode ser o caso da gandería vacún, ou a produción agrícola e hortícola, sectores estes que precisan de novos modos de xestión que os revitalicen e os fagan máis atractivo e interesante na relación produtor consumidor, ou con destino cara esa grande maioría de turistas que visitan o lugar.

O deseño e promoción de actividades baseadas na produción agrícola e gandeira en base a criterios ecolóxicos, coma selo de produción de calidade, constitúe nestes momentos unha actividade económica en alza en toda Europa e moi seguida de preto polos mercados. Vincular dito tipo de produtos á imaxe do Parque Natural pode reportar xa non só unha actividade económica secundaria e ou complementaria, senón unha opción que de ser apoiada e fomentada ao abeiro da xestión do Parque constituír explotacións viables economicamente e a súa vez xeradoras dun valor ecosistémico e paisaxístico que redunde no mantemento do entorno de As Catedrais.

7. Promover a incorporación do Parque Natural coma espazo na Rede XeoParques:

A súa vez aproveitar o feito de que a Praia de As Catedrais, ademais de Monumento Natural, figura declarado coma Punto de Interese Xeolóxico polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (LU/0-25 Rasa costeira de Ribadeo), para activar, de maneira paralela e complementaria ao resto de iniciativas que se desenvolvan, a incorporación deste espazo na Rede Europea de Xeoparques, figura cun carácter voluntario pero con importante repercusión.

Permitirá achegarnos aos modelos de xestión de conservación e promoción turística de espazos de litoral con cantís singulares, coñecer as súas experiencias, beneficiarnos da rede de asesoramento técnico cos que contan, e establecer sinerxías de colaboración e promoción conxunta deste patrimonio.

8. Dende o Concello de Ribadeo instamos á Xunta que este documento de Plan de Conservación do Monumento supoña o primeiro capítulo dun percorrido maior que, en primeiro lugar, serva para cumprir coas obrigas legais deste espazo, pero que de inmediato continúe traballando no resto de fases necesarias para dotar dunha protección máis efectiva e un aproveitamento eficaz do seu potencial turístico, e que entre outras pase por:

- Articular as previsións do Plan de Conservación do Monumento Natural coas próximas que deriven da aprobación do PXOM para este entorno, e nas que se prevé un incremento da superficie de actuación que rodea ao Monumento, tal e como se nos indicou polo departamento de Urbanismo desa mesma Consellería. Que conte con esta previsión o Plan de Conservación.
- Iniciar o diagnóstico, valoración, e consultas para incluír a costa de Ribadeo dende As Catedrais ata a Illa Pancha como futuro Parque Natural.
- Que a figura do Parque Natural poida servir, ademais da súa vocación de protección e conservación dos elementos naturais, para dar solución e

construír unha excelente oportunidade de dinamización socioeconómica de Ribadeo, á vista do importante fluxo de visitas existente e da estrutura económica do municipio, onde máis da metade dos traballadores pertencen ao sector servizos.

- Que a incorporación de novos atractivos naturais, xeomorfolóxicos, da paisaxe, patrimoniais históricos, e etnográficos, que abundan no litoral de Ribadeo, e que ben poderían conformar o Parque Natural, foran aproveitados para desconxestionar a praia de As Catedrais, e ofrecer a súa vez un circuito de alternativas que complementarían e enriquecerán o atractivo que supón hoxe As Catedrais.

B. Valoración concretas sobre o borrador do Plan de Conservación do Monumento Natural das Catedrais-Augasantas.

a) Valoramos positivamente algunha das cuestións que se formulan:

- capacidade de carga (pero cun estudo empírico moi pouco axeitado de tan só 2 días de observación polo que se queda só nunha intención),
- identificación de zonas de conservación,
- recoñecemento dunha problemática de xestión do espazo

b) Pero vemos con preocupación importantes lagoas que poden ser fonte de problemas máis graves:

- a fórmula de restrición de accesos mediante a solicitude de autorizacións,
- non afrontar o problema de tódalas prazas de aparcamento,
- infravalorar o risco de contaminación por augas residuais fecais,
- infravalorar a masificación do espazo (a partir dun diagnóstico de observación de 2 días)
- como se valora o perfil do usuario que chega a esta praia,
- O documento debería de incluír ademais unha relación concreta de propostas, tanto de conservación, coma da xestión do uso público. Incluindo unha cronograma a curto e medio prazo e un presuposto para cada unha delas

c) O Plan presenta carencias importantes no diagnóstico de xestión turística, elemento fundamental neste asunto. Apreciamos que resulta preciso introducir ou reforzar aspectos que avoguen en deseñar un proxecto de turismo sostible no que se teñan en conta os seguintes piares fundamentais:

- Piar económico: Para coñecer aspectos sobre as previsións a curto, medio e longo prazo de beneficios: ingresos, creación de emprego; Problemas: estacionalidade, demanda de infraestruturas. (non abordado no Plan de Conservación)
- Piar social: emprego estacional, molestias na poboación local, aparcamento en áreas non autorizadas ou privadas, dificultade na circulación na estrada provincial da costa debido aos continuos atascos en tempada alta... (non abordado no Plan de Conservación)
- Piar ambiental: o único até agora abordado no Plan de Conservación.

d) Sobre a capacidade de carga:

O apartado da capacidade carga ofrece moitas dúbidas e preocupa a todos a maneira de materializarse, e non existe unha valoración que contraste os beneficios e repercusións que isto poida ter. Dada a importancia desta medida entendemos que debe ser formulada novamente.

Neste sentido a proposta é exigua e escueta, que propón prohibir e poñer un tope diario ao número de visitantes, entre o 15 de xuño e o 15 de setembro. Un tope que se debería concretar máis, xa que 5.000 persoas non exercen a mesma presión humana nunha baixamar de marea viva que nunha de marea morta na que o espazo visitable no areal se reduce aproximadamente á metade. Nun documento preliminar, e con tan pouca información de base, resulta moi difícil establecer unha previsión de número de persoas que poidan acceder. Non se pode fixar unha cifra de visitantes máxima por día coa información de partida. O traballo de campo, con dúas xornadas de observación (25 de xullo e 15 de agosto) non poden ser considerados, para nada, como concluíntes nin unha referencia con un mínimo de rigor válido.

e) Sobre dita regulación de entrada no espazo en base á capacidade de carga.

Valoramos tamén o risco desta medida de regulación estrita, no que se pase dun modelo sen xestión a un proceso moi rigoroso de control só conseguirá crear unha frustración en todos os axentes sociais implicados. Isto pode derivar nun sentimento de negatividade sobre o papel das figuras de protección dos espazos naturais.

O Plan non incorpora ademais directrices básicas sobre a acollida deses visitantes. Como se van distribuír no tempo e no espazo, con cantas horas se conta, falamos de todo o areal ou do areal e o cantil coas súas fincas privadas adxacentes, do acceso o cantil,....

Dada a delicadeza do espazo, o nivel de afluencia e masificación, o feito de ser un

destino turístico de moda que non se percibe como un espazo natural e a súa importancia na economía local cremos que se debería ter en conta a posibilidade de un acceso restrinxido gradual, non facer un corte drástico na limitación o areal.

Debemos ter en conta que estamos ante un recurso turístico que está en voga, que conta nestes momentos cunha campaña publicitaria externa das mellores (tripadvisor, sete marabillas naturais....) e polo tanto debemos preguntarnos se non deberiamos aproveitar ese filón para dar a coñecer o entorno en xeral. Restrinxindo o acceso demasiado drástico no tempo corremos o risco de que se corte esa corrente turística que tería unhas consecuencias económica público-privadas moi graves, xa que estamos a falar dun dos motores turísticos da zona. Baixo os datos turísticos que temos, en moitas ocasións, a xente vén visitar en primeiro lugar a praia e logo demanda información sobre os atractivos turísticos da zona, acuciando un descoñecemento sobre o Xeodestino (*datos extraídos do punto de información turístico da praia das Catedrais*). De novo reiteramos polo tanto, que este Plan de Conservación debería ir acompañado dun Plan de promoción e xestión turística sostible da zona.

Noutras palabras, esta proposta de restrición sen medidas alternativas para atender ao potencial fluxo de visitantes que chegan é como se (*permítasenos a licenza de recorrer a un simil futbolístico*) de súpeto tratamos de reducir o aforo dun grande estadio de fútbol (Balaídos ou Riazor) ao 1% da súa capacidade, e dicíndolle aos afeccionados que xa non hai máis entradas, simplemente por non querer aprobar para esas instalacións o preceptivo Plan de prevención e evacuación do Estadio, dado que para un aforo pequeno non é necesario contar con esas medidas. Cando o recomendable e lóxico sería adoitir ese conxunto de medidas para que a xente puidera entrar no campo. Pois coas Catedrais pasa o mesmo, o preferible sería aprobar un Plan de Ordenación e un Plan de Xestión (como os que son necesarios para os Parques Naturais) e a partir de aí abrir unha chea de alternativas para saber que facer cos 7.000, 8.000 ou 10.000 visitantes que chegan cada día. A Xunta non entra a valorar que vai pasar con esas 3, 4 ou 6 mil persoas que quedarían fóra. Non se pode obviar que existen. Por iso o documento debe ser mais previsor e dar solucións con instrumentos que diagnostiquen ben a realidade e a súa problemática para convertelo nunha oportunidade socioeconómica, turística e medioambiental sen precedentes e que xa lles gustaría a outras moitas áreas de Galiza e de fóra dela ter.

f) Delimitación da área socioeconómica que se recolle no Plan:

No presente plan establécese como a área de influencia socioeconómica os termos municipais de Ribadeo e Barreiros, para despois máis adiante constatar que a Praia das Catedrais é o principal reclamo turístico da Mariña Lucense e un dos maiores focos de atracción de visitantes de Galiza.

Tendo en conta os datos e estatísticas recollidos nas oficinas de turismo do Concello de

Ribadeo (a da Vila e o punto de información turística das Catedrais) este recurso turístico abrangue unha área de influencia moito máis ampla que a delimitada no plan, chegando a abarcar regularmente a zona norte de Galicia, e máis habitualmente a metade setentrional da provincia de Lugo e a metade occidental de Asturias, sendo estas as zonas, máis alá do Xeodestino a Mariña, onde pernocta unha gran parte dos visitantes ao areal, polo tanto deixando un maior impacto económico nestes lugares. Así ponse de manifesto o impacto económico que este recurso ten, pois non só estamos a falar dun espazo natural como poden ser moitos outros, senón dun espazo natural con marca propia, capaz de crear marca turística; unha icona que está a ser coñecida a nivel nacional e internacional e que se utiliza como imaxe publicitaria de Galiza e do Estado.

g) Sobre o rexistro telemático e a accesibilidade á praia:

Segundo o presente Plan, o control de acceso á praia faríase a través de medios telemáticos xestionados pola propia Xunta de Galicia, obviando toda xestión e esforzo que até agora ten realizado o Concello.

Consideramos que a mellor forma de xestionalo, e a máis lóxica, é unha xestión local, máis personalizada, con diferentes maneiras de reserva de praza e adaptada ás diferentes necesidades e tipoloxías de viaxeiro.

A tendencia turística que experimenta o lugar, en base á experiencia técnica local, indícanos que cada vez máis as viaxes se planifican con menos tempo de antelación, tamén debemos ter en conta que este areal é visitado por moitos grupos organizados (datos da oficina de turismo), e que unha parte dos visitantes están de paso polo que a visita a praia non entra dentro dos seus plans é casual.

Coa intención de darlle cabida a toda esta variada tipoloxía e asegurar unha mellor coordinación entre as diferentes administracións, un dos mellores métodos sería a xestión local do acceso ao recurso. Quedaría así xestión turística en mans do concello e a protección medioambiental nas mans da Xunta, sempre baixo unhas directrices consensuadas por ambas as dúas administracións.

Dentro dun marco ideal, sería fundamental ter un centro receptor de visitantes, que á súa vez funcionara como centro de interpretación do areal, onde se desenvolverían ademais todas as tarefas de xestión de control acceso e reservas de prazas (telemática, telefónica, in situ); información turística, xeolóxica, xeomorfolóxica e medioambiental; servizo de visitas guiadas; visitas didácticas aos colexios.....

Deste xeito estaríamos a paliar parcialmente o escaso impacto económico que tería a proposta presentada no documento preliminar sobre a reserva de prazas a través de medios telemáticas.

Así pois se a xestión se fai localmente, poderían incrementarse as posibilidades de crear emprego, desestacionalizar o sector e alongar o tempo de permanencia e aumentar as pernoctacións no lugar de destino.

Non parece moi lóxico xestionar un espazo natural, destas características, dende a distancia por vía telemática.

h) Dotación de servizos:

O plan adoce na previsión e modo de dotación que debe despregarse no Monumento Natural. Ano tras ano as esixencias dos visitantes ao areal estanse a incrementar. Cremos por isto que un bo plan de xestión turística debe ir acompañado de un bo plan de dotación de infraestruturas e servizos mais tratándose dun espazo natural protexido no que se restrinxe o acceso, e polo tanto, e como xa mencionamos, anteriormente as esixencias van a ser maiores.

Farase necesario por parte do organismo autonómico reserva unha partida presupostaría para facer fronte aos gasto de xestión e dotación de servizos e infraestruturas, tales como:

- información turística ao longo do ano,
- mellora da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida
- incremento de número de duchas e lavapés
- control medioambiental
- limpeza do areal,
- servizos de salvamento,
- servizos sanitarios.....

i) Dotación de infraestruturas:

Unha mellora nas infraestruturas e medios de transporte, sempre baixo os principios de mobilidade sostible, serán uns dos piares fundamentais para evitar e regular a masificación do areal e potenciar a desconcentración nun só foco turístico, ademais será unha boa forma de potenciar a visión do visitante sobre o espazo como un lugar natural a preservar.

O fomento do uso do transporte público tal como buses lanzadeira ou trens coa construción dun apeadoiro a escasos 150 metros da entrada do areal, a potenciación doutros medios de mobilidade como a bicicleta, e a creación e acondicionamento de novas infraestruturas como sendas, sendeiros e carril bici poden ser boas formas de desfocalizar tanto a presión turística no espazo coma os fluxos cara outras áreas de interese turístico como: a Vila, Rinlo e os demais espazos turísticos de Ribadeo e a contorna. Circunstancia que posiblemente xeraría un maior impacto económico na zona.

PARTE PROPOSITIVA

Por todo isto, como Concello de Ribadeo incorporamos estas alegacións para que dende o organismo que vostede representan teñan a ben telas en consideración, xa non só como unha proposta de valoracións que completen as previsións do documento de Plan de Conservación que se pretende para a praia de As Catedrais, senón tamén para que teñan a ben valorar, de maneira seria e rigorosa, e en virtude da ATENCIÓN PREFERENTE que precisa este espazo natural, o iniciar o estudo de viabilidade para a declaración coma Parque Natural:

- En base aos extraordinarios valores xeolóxicos e xeomorfolóxicos comprendidos entre As Catedrais e a Illa Pancha (parte Monumento Natural e toda ZEC da Rede Natura),
- que no seu conxunto proporcionan unha “multixeodiversidade” capaz de incrementar opcións e alternativas que atenúen o impacto dun modelo de restricións e/ou limitacións de acceso ás Catedrais,
- co obxecto de proporcionar a todo este espazo dun modelo de ordenación e de xestión capaz de absorber e aproveitar o alto fluxo turístico que soporta anualmente o lugar,
- e, así, poder conciliar a conservación e preservación de todo este patrimonio natural coa dinamización económica local, en base a un desenvolvemento sustentable.

En Ribadeo, a 11 de outubro de 2014

Asdo. Fernando Suárez Barcia
Alcalde de Ribadeo

Xunta de Galicia
Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas
Dirección Xeral Conservación da Natureza.
San Lázaro, s/n
15781-Santiago de Compostela.

ANEXO I

SOBRE A IMPORTANCIA XEOMORFOLÓXICA DA COSTA ENTRE AS CATEDRAIS E A ILLA PANCHA-

“A costa de Ribadeo constitúe un dos sectores metamórficos litorais de maior interese xeomorfolóxico en Galiza”, segundo recolle o catedrático Augusto Pérez Alberti *et col.* no estudo de *“Dinámica e Sustentabilidade da Costa de Ribadeo”*.

A base rochosa da costa de Ribadeo orixinouse no Paleozoico Antigo, datado entre uns 530 a 400 millóns de anos.

A ordenación deste espazo litoral *“ten que basearse necesariamente no coñecemento dos factores e procesos que se relacionan nela. É por eles preciso deterse na tectónica, nos cantís e a súa dinámica”*, aspecto que entra a debullar en todo o capítulo con grande detalle.

Dentro das formacións xeolóxicas que son motivo de atención destácase a presenza de furnas, os cantís, os entrantes, modelado vertical e horizontal, orientacións e direccións das rochas e as súas formas caprichosas.

Entre as formacións de alto interese xeomorfolóxico coa que nos atopamos están: A Enseada das Cegoñas, os Ollos de Rinlo e Ollo Longo; os cantís inclinados de Penedo do Corvo e os do Ollo, os cantís verticais de Ollo Longo e a Enseada das Cegoñas; o entrante mono-direccional da Enseada, os entrantes en cóbado de Augas Santas; as furnas de Enseada da Vella, de Loureiro, de Augas Santas, Moledo e Os Castros, ou as orixinadas sobre estratos pregados coma a de As Lonxas e Illa Pancha.

OS ARCOS ROCHOSOS E TÚNELES:

Mención específica cabe facer dunha das figuras máis coñecidas, os arcos rochosos, que identifican e distinguen a esta costa con respecto ao resto do litoral do país.

Constitúen pasos subterráneos dalgúns metros de lonxitude orixinados a partir de dúas covas ou furnas que evolucionaron en sentidos opostos. *“Existen dous tramos costeiros nos que o principal atractivo xeomorfolóxico son os túneles rochosos. O coñecido para o turismo como As Catedrais, é dicir, praia de Augas Santas e o existente ao leste da localidade de Rinlo, nas inmediacións do denominado Ollo de Rinlo”*.

Máis exemplos destes arcos rochosos atopámoslos, ademais de Augas Santas e Os Castros, en As Illas e Cegoñas, Praia de Moledo, e Ollo Longo.

AS PRAIAS DE CANTOS E COÍDOS:

Tamén se destacan as súas formacións coma elementos que despertan un interese científico pola súa formación, a discusión da súa formación *“suxiren unha serie de problemas xeomorfolóxicos que é interesante apuntar”*, tratándose de depósitos moi antigos de clara influencia da dinámica de retrocesos e avances mariños en clave temporal longa. Son de alto interese xeolóxico os *coídos de Augas Santas*, o *coído das Illas*, ou o particular *coído da Enseada de Loureiro* .

AS PRAIAS DE AREA:

Os principais areais de Ribadeo están moi influídos pola plataforma rochosa intermareal e pegados a cantís, sen cordóns dunares traseiros ben desenvolvidos, e polo tanto de moi alta fragilidade ante cambios nos parámetros da ondada e dos ventos que poden retirar todo o seu volume sedimentario areoso intermareal, deixando descuberto extensas plataformas e praias de cantos subxacentes. Pero esta situación forma parte dun estadio máis do constante dinamismo da franxa costeira. Pero algunhas pequenas praias son tamén dependentes de pequenos aportes e dinámicas fluviais e cun comportamento sedimentario distinto. Neste contexto teñen interese xeolóxico a formación e orixe de praias coma a de *Augas Santas*, e *Os Castros*, *Cegoñas*, *Cabalar*, *Rochas Brancas*, *As Covas*, *Esteiro*, *Areosa*, *Loureiro*, ou *Olga de Arnela*.

DEPÓSITOS PERIGLACIAIS:

Nuns poucos puntos deste litoral, en *As Lonxas* ou en *Loueiros*, aparecen unha serie de depósitos que escapan da influencia da dinámica mariña e eólica que non parecen ter a súa orixe na acción do océano, de orixe periglacial e outros por transporte de episodios pasados de torrentes hídricos.

A RASA COSTEIRA:

Completase este patrimonio xeolóxico coa presenza da chaira costeira de borde característica desta zona do nordeste de Galiza, que *“procedería entón dunha meteorización e arrasamentos continentais que poderían datar da segunda metade do terciario (5,3 ata 2,58 millóns de anos), sendo a rede fluvial a encargada de baleirar os sedimentos cara o ámbito mariño, e a tectónica de emprazar a planicie no límite entre o continente e o océano”*.

Destacar que toda esta franxa litoral é un dos mellores espazos onde se pode apreciar a Rasa Cantábrica pola baixa presión humana e urbanística existente.

ANEXO II PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO QUE REFORZARÍA OS VALORES DO PROPIO PARQUE NATURAL E PRESENTES ENTRE AS CATEDRAIS E A ILLA PANCHA:

A recopilación e traballos do especialista na arqueoloxía local, Luís Cordeiro Maañón, da conta de todo este patrimonio.

Na franxa litoral de Ribadeo localízanse magníficos exemplares de castros:

“Na área de prospección temos rexistrados catro castros, o das Grobas (Vilaselán), de Piñeira/Os Castros (San Xoán de Piñeira), o de Meirengos (A Devesa), Os Castros (A Devesa)”.

Dos restos de Os Castros pódese datar unha cronoloxía algo fiable, das súas escavacións apareceron materiais de moi diversas formas e tipos (cerámicas, cravos, moedas) que nos informan dun período de ocupación amplo ou polo menos tardío, que pode comprender ata os séculos IV d.C, aínda que o período de auge debeu ser nos séculos II-III d.C.

Estes castros están encadrados dentro do período romano, estando vinculado moi probablemente co mundo da Galicia Baixoromana.

O feito de que os principais castros aparezan en promontorios fronte ao mar indica que estaban deseñados para ter excelentes condicións naturais de defensa, sendo do máis común en moitos dos castros costeiros de Lugo e Asturias.

A navegación de pequena cabotaxe estaría vinculada a estes castros, xa que estes asentamentos teñen un tamaño demasiado pequeno para acoller unhas instalacións de grande tamaño para a navegación en altura. Dentro destes castros se levarían a cabo traxectos de corto radio entre os pequenos castros dispostos ao longo da costa.

Estas actividades se puideron desenvolver durante un longo período de tempo, pero parece que foi durante o período romano (sobre todo no século II d.C) cando o tráfico marítimo foi máis intenso. Tampouco se descarta que a ría de Ribadeo experimentara na época un tráfico marítimo comercial de alto cabotaxe.

Nestas transaccións comerciais puideron intercambiarse mercadorías de moi diferente natureza: manufacturas alimentarias (salgadas, e excedentes agrarios, etc), metais e incluso cerámica e materiais de construción (ladrillos, tellas). A eles puideron chegar cerámicas finas, vidros, e líquidos transportados en ánforas (viño, aceite).

CASTRO DE OS CASTROS:

A ocupación puido chegar ata o século IV d.C, aínda que o período de auge debeu ser nos séculos III-II d.C. Entre as actividades documentadas da vida deste castro, situado nun esporón que sobresaie bastante cara o mar Cantábrico, figuran a pesca e o

marisqueo. A presenza de ambas praias nos lados gardaron unha funcionalidade de asentamento comercial e ser empregadas coma puntos de recalada de pequenas embarcacións. O único castro dos costeiros de Ribadeo que foi sometido a unha intervención arqueolóxica. Na actualidade atópase gravemente alterado, xa que no recinto de habitación foi construído un chalé que ocupa a parte central do asentamento, mentres que na zona oeste hai un aparcamento que alterou gravemente esta orientación. Das escavacións apareceron 10 sepulturas de laxas de lisa, numerosos fragmentos de cerámica de terra sigilata do século IV d.C, e moedas unha de Galieno 253-268.

CASTRO DE MEIRENGOS:

De difícil datación dado o alterado que se atopa por mor das intensas labores agrícolas levadas a cabo na súa superficie. Situado na liña de costa, nun pequeno saínte que vai dar á Enseada de Cegoñas. Cunha funcionalidade comercial a pequena escala dada a falta dun lugar idóneo para as embarcacións. Presúmese que se puideron realizar actividades de gandería, agricultura, pesca e marisqueo. Achados de cerámica con terra sigilata e muíños circulares.

CASTRO DE PIÑEIRA:

Situado nun promontorio fronte a Illa do Castro que seguramente tivo que estar relacionada co asentamento castrexo. Trátase dun castro perfectamente distinguishible dende o mar, do que non se pode dar conta segura de manter relacións comerciais co tráfico marítimo, si a pequena escala, pero parece case seguro que se levaron a cabo actividades de pesca e marisqueo que se complementarían con actividades agrícolas e gandeiras. O estado de conservación do castro non é moi malo nalgunha das súas orientacións. Apareceron fragmentos cerámicos común indíxena e de terra sigilata.

CASTRO DAS GROBAS:

Situado preto da Illa Pancha. Posúe un bo lugar para a recalada de embarcacións, na praia de Pedras Brancas, dotándolle a este emprazamento dunha posible funcionalidade relacionada co tráfico marítimo a pequena escala. Tamén neste se deberon desempeñar actividades relacionadas coa pesca, marisqueo, agricultura e gandería. Engádese que este castro debeu manter relación indirecta co tráfico marítimo de grande cabotaxe, ao atoparse preto da Ría de Ribadeo. Fálase que nel atopáronse empuñaduras de espadas de ouro.

ASENTAMENTO ROMANO DE ESTEIRO:

Situado na parroquia da Devesa, do que se conta con pouca información, xa que a súa existencia está baseada na aparición de fragmentos de cerámica avermellada

aparecida no perfil dun talude formado pola erosión mariña. O arqueólogo que o catalogou, Juan Cano Pan, encádrao dentro do período romano como un posible taller factoría (do que se apunta a salgadura coma unha das posibles actividades). Tamén se fala da importancia na súa relación coas actividades de navegación, xa que se atopa nun lugar cunhas excelentes condicións para o fondeo e abrigo de embarcacións, así coma as boas condicións para a descarga de mercadorías.

XACEMENTO DE TORRE VELLA:

Correspondente ao período medieval/moderno. Situado no termo parroquial de Vilaselán, no esporón que está ó sur da Illa Pancha e ó leste do castro das Grobas. Emprazado nun lugar cunha ampla visibilidade dominando a entrada da Ría de Ribadeo. Hoxe en día só queda o túmulo sobre o que debeu de estar situado, xa que o resto está desaparecido. Sábese que foi un torre moi alta á vista de crónicas do século XVI.